

Bieito Iglesias

# «Os americanos teñen un exército que universaliza a súa literatura»

En tempo de novelas ao peso, reivindica as distancias curtas. Con *Pan e coitelo* (Galaxia, 2008), unha *nouvelle* que non se quere máis ca iso, nin tampouco menos, fura no refraneiro e recunca no xénero policial que transitara en *Miss Ourense*. Alí era o franquismo, aquí os últimos estertores do fraguismo, un conselleiro corrupto e un detective de andar pola casa. Así é o último de Bieito Iglesias, “un menda que non cre na literatura, na política nin na sorte. Así e todo escribe, vota e bota quinielas”. // *Iago Martínez* // *Fotos: Olalla Lojo*

***Pan e coitelo* empeza quente. Dis no limiar que “esta nouvelle non recibiu ningún premio” e citas a Xan da Cobb: “O autor ten outros títulos ao seu favor, ocultos por infames envexosos”.**

É que me parece moi pouco elegante que os autores, e hainos, choren porque non lles dan premios. Esa autocompaixón paréceme lamentable. Eu comparo aos narradores, non tanto aos poetas, porque teño a sensación de que son máis paxaros, andan máis aos bandos, cun dos animais máis solitarios do planeta, o orangotango de Borneo, que vive todo o ano na punta das pólas e non se relaciona con ninguén. Baixa unha vez no ano, intercambia uns lapotes cos outros machos, fecunda unha femia e volta outra vez para as árbores. Os narradores en realidade fan unha cousa moi parecida: escriben o libro durante un ano ou dous, preséntano un día, fecundan, se é que se deixan fecundar os lectores, intercambian se acaso algunha pulla cos colegas e volven para a punta das pólas. A competencia existe, pero hai unha maneira de facela elegante e outra menos, como eses que escriben contos e din que morreu a novela ou fan novelas longuísimas e din que o relato curto é unha frivolidade. Iso é o que fan as pescas da praza: cómprame a min o peixe que a do lado non o ten fresco.

**Era tempo de facer unha novela “moi moral” inspirada no fraguismo?**

Case todas as miñas novelas son morais. Aínda que son introspectivas e están feitas por personaxes extravagantes, excéntricos, que non se poden tomar como prototipo exacto da sociedade contemporánea, teñen unha forte carga satírica, e a sátira ten unha compoñente moral. Neste caso máis, talvez máis por ser o protagonista un conselleiro. Con todo, non se pode pensar nun retrato puramente sociolóxico do fraguismo. Non hai ningún conselleiro, ou cando menos eu non coñecía ningún, que sexa como Carrodegas. Hainos inmorais, incluso máis inmorais, pero non que teñan a decencia, como di este, de roubar aquí e marchar para o Brasil. Non digo que Carrodegas teña unha xustificación, pero ten algunhas atenuantes. É un señor insatisfeito, de orixe moi humilde, que opta por unha estratexia: sumarse ao grupo dominante, aproveitar o impulso do inimigo. O que fai é unha especie de *entrismo* trostkista: entra nun partido no que non

cre coa idea de xuntar uns cartos e escapar e nunca máis ver de diante ese mundo. Por suposto, no Brasil había atopar problemas semellantes, porque infelizmente non hai ningún paraíso na terra, pero funciona como unha especie de última Thule imaxinaria. Xa o dicía meu pai, que nunca entendeu por que se suicidara un señor da nosa comarca que era rico e tiña unha moza guapa: “Pero se agora colles un avión e mañá estás no Brasil!”.

**Esa dromomanía, como a defines no texto, é un retrato colectivo dos galegos?**

Dende o século XIX somos un país de diáspora, e aínda que a orixe desa diáspora é económica, tamén crea características psicolóxicas. Eu crecín escoitando falar na familia da Manigua cubana, do *majá*, da zafra, da Habana. Había unha necesidade económica atrás, pero tamén se creaba un afán de aventura, de ter unha segunda oportunidade, de renacer noutro lugar sendo outra persoa, con outros amigos, distinto clima, distinto ceo. Vivir varias vidas. Todos temos algo de dromomanía. O meu bisavó emigrou para facerse carabineiro en Figueres. Os meus avós emigraron a Cuba, os meus pais a Suíza, os meus tíos a New Jersey, a Venezuela, a México. Eu son a primeira persoa da miña familia, dende 1850, que non emigra.

**Chama a atención que reivindiques a *nouvelle* como xénero, que é algo que no sistema literario galego se fai, cando menos ultimamente, moi pouco. Todos os narradores escriben novelas, Novelas, así teñan 50 ou 350 páxinas.**

Hai un descrédito das distancias curtas e medias. Os editores publican conto porque hai que publicalo como hai que publicar poesía, pero non de boa gana. En Galicia iso non sucedía até hai pouco, porque as literaturas emerxentes empezan normalmente polas formas breves, pero como agora parece que xa somos europeos, que somos unha literatura adulta, pois tamén padecemos as mesmas doenzas que as literaturas adultas. Unha delas é considerar que o único rendible é escribir novelas longas. Parece que as curtas fosen formas incompletas ou unha maneira de roubarlle cartos ao lector. Os editores queren armatostes, que son os que permiten poñerlle uns prezos decentes e ocupar espazo nos andeis. Ten moito que ver coa cultura do *best*

*seller* e coas grandes superficies, coas novas formas de distribución do libro. A cuestión é invadir espazo, pero iso non ten nada que ver coa literatura. É certo que non hai moitas *nouvelles* obras mestras, pero algunha é indiscutíbel. *A morte de Ivan Illich*, por exemplo. Non creo que ninguén poida discutilo. E ollo, que Tolstoi tamén era capaz de facer *Guerra e paz*.

**É o mercado o que demanda narrativa longa, ou é a planificación cultural?**

Hai sitios onde canoniza o mercado ou a crítica literaria tradicional. Aquí, nin hai un gran mercado nin hai unha gran crítica, porque críticos hai seis ou sete e dignos de crédito hai un e medio. O resto son afeccionados que escriben sobre libros como se eu fago un tratado sobre as cartas de xogar porque lle dei ao subhasitado uns anos. Menos mal que ultimamente decidiron empezar a discriminar un pouquiño e tenden a falar só das obras que lle gustan, ou que lle gustan algo, e ignoran as que non lles gustan. Agora falta o seguinte paso, que é falar mal dos libros malos. Creo que é necesario porque un lector pode ler ao longo da súa vida uns 3.000 libros, e tendo en conta que se publican cantidades inxentes, hai moito desorientado que perde o tempo comprando libros para logo tirar con eles. A crítica ten que orientar, para ben ou para mal. Oscar Wilde dicía que os críticos o que debían facer era falar dos libros que non había que ler, e é certo. Hai moitos prescindibles, e na nosa literatura fan dano. Hai persoas que só len un libro en galego. Collen un, non lles gusta e non len máis.

**Los Módulos, rock progresivo e unha barba coma as do Che e o Tío Ho. Atributos de cando Carrodegas, o conselleiro corrupto, era un mozo de extrema esquerda. Coñeces ben o arquetipo. É un dos froitos políticos da túa xeración?**

A miña xeración é a xeración do desencanto. Somos aquela xente que viviu, non o 68, porque eu no 68 tiña once anos e non sabía nada de Cohn-Bendit nin da cona bendita, pero si as secuelas. Unha xeración moi politizada, moi radical pero tamén moi confusa. Loitabamos por cousas distintas: uns pola liberación nacional, outros por poder ver unha película non censurada, outros por unha familia menos autoritaria. Moitos deses militantes acabaron, ben nos partidos convencionais, de poder,



ben na gastronomía, facéndose críticos, ou ben como críticos da novela policial, cousa que lle veu moi ben á novela policial. Non houbo ningún, que eu saiba, que se metese no goberno para roubar e marchar para o Brasil, pero houbo algúns que se meteron no goberno, roubaron e marcharon para Laos.

#### Que outros froitos políticos ten a túa xeración?

Moitos menos dos que se esperaban, pero algún si que hai. Pensa que até hai ben pouco os que cortaron o bacallau en todos os partidos e en todas as institucións eran persoas que viñan desa época. Os que quedaron en política fixeron unha coira moi dura. Tiveron que converterse en cínicos. Cambiaron de chaqueta tantas veces durante un tempo tan longo que ao final apañaron o dez por cento do froito ideolóxico que esperaban apañar. É a historia da decepción, pero algún froito trouxo, pequeno, a democracia aínda que só sexa. Quizais pareza pouco ou nos pareza pouco a nós. A min paréceme pouco, por suposto, comparado cos soños que tiña, pero tampouco sei se todos os soños que tiña eran desexables. Igual moitos eran pesadelos. Hai que ter en conta que cando eramos novos aínda o estalinismo tiña peso.

#### E glamur, non si?

E glamur, claro. O mundo etarra en gran medida vén de aí, dos setenta, da idade de ferro, das Brigadas Roxas, da Baader Meinhof, a idade na que cae Allende, da Guerra Fría exasperada, do Vietnam. A nós tocounos no medio dunha época complicada. Non gozamos demasiado da mocidade. Era unha época demasiado adusta, de ideoloxías demasiado autoritarias, e ao final quizais moitos teñan a sensación de que perderon un pouco o tempo. De todas formas a vida é así. Igual non se puido facer outra cousa ou non soubemos facer

outra cousa. Tampouco Galicia ofrecía moitas posibilidades. Cando cheguei á universidade, de non meterse en política, que había en Santiago? Unhas cuncas e unha vida gris nunha cidade levítica. Polo menos nós vimos unhas películas, lemos algúns libros, mesmo cambiamos a vida cotiá. A universidade dos anos setenta, nas relacións persoais, era unha illa nun océano de reacción e conservadorismo.

#### Por que a historia de Carrodegas esixía tantas referencias pop?

As referencias á música, ao cinema ou á televisión son unha constante que aparece en todos os meus libros. Imaxino que se debe a dous factores. Un biográfico, porque a miña xeración é a xeración da primeira cultura de masas, da explosión do pop, e outro de envexa. A nosa é unha xeración formada no cine, e no cine ves como cunha cantiga un director é capaz de reproducir a atmosfera dunha época. Woody Allen, por exemplo. De repente, unha familia pon a radio e sae Carmen Miranda cantando “O canto do pregoeiro”. Estás nos cincuenta. Non fan falta máis explicacións. É algo case sensual.

#### Vaíamos, por caso, ao primeiro capítulo de *Pan e coitelo*. Hai moitísimas referencias rematadamente pop: *Siniestro Total*, *Expediente X*, *Winston*, *Marie Brizard*, *Alfa Romeo*, *O exército das sombras*. Hai cancións, filmes, programas de televisión, carteis, pero tamén hai “quero-vale-catro” e “falta-envido”, café con leite en vaso e paisanos a farolear no tapete verde, cousas que un lector mozo pode interpretar en clave pop. Onde remata o popular e empeza o pop?

Non hai unha fronteira moi clara. A cultura popular, que tiña un ritmo máis lento e un radio máis local, convértese nun determinado momento en cultura de masas con referentes case

**CONTRA OS DÍAS SANTOS.** Bieito Iglesias (Ourense, 1957) non pertence á caste monárquica nin ten oficio de taberneiro. Quédalle sumarse á delongada listaxe de literatos docentes, tamén medrada se falamos daqueles que ensinan letras. Non vive temeroso de que os seus alumnos do instituto compostelán de Lamas de Abade perdan a lingua, se cadra o seu non é propiamente nostalgia. Diríamos mesmo que é un non acreditar nese construto denominado feísmo, rururbanidade, ou así. Se cadra é que medrou entre os barrios ourensáns de Quintián e A Chavasqueira e o lugar de Pol, Concello de Coles. Porque sabe que o encoro de Velle é paisaxe posnuclear e o seu despoboamento signo de que igual xa non hai quen apague a luz. Na liña Santiago-Ourense[-Pobra de Seabra] constrúe a súa obra. No carreiro da letra e da violencia foille dado o privilexio de comezar co impacto d’A *esmorga* nos anos do bacharelato.

Coñécenselle uns poemas na revista *Dorna*, xénero que hoxe garda no chineiro. Entre o conto e a novela curta vai abalar o conxunto dunha produción que anda na ducia de títulos, desde aquel *Aventura en Nassau* (Xerais, 1991) dos tempos de procurar xorne erótico onde por veces non o había. Non é o caso.

Lamentaba Iglesias hai pouco un presente baixo a tutela dunha clase media en que pouca cousa pasa. Achégase á burguesía coa arma da sátira e adoita haber leña para todos, sexa a pusilanimidade do profesor d’A *historia escríbese de noite* (Galaxia, 2001), sexa o acelerado cambio social do conselleiro na última *Pan e coitelo* (Galaxia, 2008).

Entre as constantes: apropiación dos mecanismos ficcionalizadores para lles dar unha volta, escolla (auto)consciente dun espazo periférico, ironía –tamén coas clases populares–, inclusión non paternalista da marxinalidade, loita contra a indiferenciación emanada da orde política mundial, teimosía contra a perda da identidade, contra o desclasamento.

Entra aquí o lugar común da riqueza lingüística, non alicerzada no evidente, léxico e fraseoloxía, e si nun labor que afecta á cerna dun idioma vivo e inaccesíbel, e que poderíamos cifrar entre a sintaxe e a adecuación. Tampouco propiamente arqueoloxía. As palabras de *Xente ao lonxe* vendo pasar a enchente desde esa ponte fea e apocalíptica que puxeron por riba do Miño.

Por parte, unha prosa xornalística incompracente, a vontade de monear coa miseria do poder, a verbena, o Barça de Cruyff, o golpe do cinema nos últimos 60, a querenza polo antiheroe, fulcral na narrativa moderna, e se cadra un dos poucos trazos comúns coa súa quinta, farturenta en escritores. Suso de Toro, Xavier Queipo, Gonzalo Navaza ou Manolo Rivas son de canda o narrador de Quintián, que di sentirse máis cerca, por escrito, do Blanco Amor que retorna á Auria onde nada máis o recoñece un vellote que carrega maletas na estación de tren.

Canto ao mundo, sabemos que le a Martin Amis, a Julian Barnes, a Saul Bellow. Que dese pau polo que compuxo abondas páxinas escolle, con Ataque Escampe, *Un longo adeus*. Que a novela que quereda escribir dalgunha volta é síntese imposíbel entre Faulkner e Nabokov. // **Ana Salgado**

# 10 // proTagonista

universais. É unha cuestión de escala. O truco, por exemplo, telo que ir xogar a Vilagarcía, porque ao mellor aquí en Santiago xa non o saben xogar. En cambio, todo o mundo viu *Bonanza* e todo o mundo sabe onde estaba cando morreu Kennedy. Con todo, para min esas dúas culturas están fusionadas con bastante naturalidade. O meu avó materno viña comigo a ver *Bonanza* na única televisión que había na parroquia, eu no burro e el a pé, e recordo que o pasaba mellor ca min. Por que? Porque *Bonanza* eran os Estados Unidos rurais do século XIX, e el chegaba alí, ataba o seu burro á porta, sentaba diante da tele e vía que a familia Cartwright chegaba ao salón e tamén amarraba os cabalos. El botara toda a súa mocidade desfecendo as festas a puñada limpa porque non había outra cousa que facer, o mesmo que no salón de *Bonanza*. Para el as películas do Oeste eran absolutamente actuais. Eran o seu mundo. O que nos Estados Unidos era unha estilización da Historia aquí era presente continuo. E así con moitas máis cousas. Eu non acordo xa a cultura tradicional galega granítica, monolítica. Era unha época na que quedaban cinascos, quedaba un remol. Á miña avoa aparecíanselle os *señas* dos defuntos, si, pero as *señas* dos defuntos son *Expediente X*.

## É o distanciamento da ollada o que crea o obxecto pop?

Eu nacín no prolón, na bisagra entre dúas culturas. Xa non cría, como a miña avoa, nas *señas*. Para min eran literatura. En cambio, si que me vin arrebatado pola televisión e pola radio. Pensa que falo dun mundo de apenas 50 persoas, reducido, moi solitario. A xente botaba moito tempo soa no campo. Eramos poucos, e coa emigración nin mocidade había. Claro, nese mundo tan pequeno, de súpeto, irrompe na radio Gigliola Cinquetti con aquel *Non ho le'età*, unha voz que literalmente viña do ceo, e intúes que hai algo aí que estás a perder. Sen radio nin televisión non había ese espírito prometeico de lle querer roubar o lume aos deuses olímpicos. Eras feliz, como King Kong na súa illa. Até que aparece esa loura guapísima que para min foi a radio, as cantigas, primeiro os Brincos e despois os Beatles, o cinema...

## E por que ese cómic que atravesa todo o libro?

O noso mundo é tamén o mundo do cómic, de Red Ryder, do Capitán Trueno... Aínda que eu empecei moi cedo a ler libros con letra, tiña



amigos que só os querían de santos. Cadrou que fixen unha viaxe a Roma e na Piazza Ragusa, unha praciña que está por riba de San Giovanni in Laterano, onde viven inmigrantes sicilianos, onde non había nada máis que bares ruinallos, atopei unha tenda que tiña cómics antigos. Remexendo por alí, á parte de Flash Gordon e todos os típicos, atopeime con este Mandrake. Chamoume a atención porque son lector de Rubem Fonseca, o escritor brasileiro, e o personaxe principal dalgunhas das súas novelas é un avogado que se chama Mandrake. Comprei un par deles, linos e a decidín utilízalos como ilustración xeral do libro. Así, o que fai o lector é o mesmo que fai Carrodegas nos descansos das reunións de gabinete na Xunta. Métese no váter e ponse a ler a Mandrake. Non ten máis ciencia ca esa. Non é esencial á historia nin hai que buscarlle paralelismo ningún. Hai dúas coincidencias onomásticas que o xustifican: unha, que a heroína se chama Narda, como a secretaria do conselleiro, e outra que Carrodegas tamén é lector de Rubem Fonseca. Como ten a cisma do Brasil, todo o do Brasil lle gusta. Cando ve a NBA, ve aos Denver Nuggets porque xoga Nené Hilario. Cando vai de fútbol, fala do Brasil 70, Pelé e todo iso. E claro, tamén lle gusta a novela policial brasileira. Se non houberese cómic, a novela seguiría igual, por suposto, pero despois de rematar o libro lin *La misteriosa Ila-*

*ma de la reina Loana*, de Umberto Eco, e aínda me reforcei máis na idea. Na novela hai un amnésico, e o que fan para curalo é metelo na casa onde se criou. Sobe todos os días ao faido e remexe nos cómics e nos discos que leu e escoitou de rapaz. Recupera a memoria a través dos residuos da cultura de masas que leva dentro, e iso permítelle reflexionar a Eco sobre un asunto importante: aínda que a cultura de masas sexa unha cultura de refugio, aínda que sexa demasiado uniforme, cando se apropian dela as persoas son capaces de construír unha personalidade propia, igual que facían a través da cultura tradicional.

## Vólvese a practicar de novo aquí o xénero negro. Está xa libre de culpa? Xa non se escribe porque é necesario cultivar tamén esa horta?

Nunca o fixen porque a literatura galega o necesítase. Lin moita novela policial cando estiven no desterro, traballando en Ribeira. As fins de semana viña a Santiago, pero alí vivía só nun hotel. Ao principio ía de viños cos compañeiros, ás festas, ás francachelas, pero claro, aos tres meses, nun grupo tan reducido e nun lugar tan pequeno, xa estaba farto de ver aos mesmos tipos nos mesmos bares. O que fixen foi comprar unha dose masiva de literatura policial. Raymond Chandler, Ross MacDonald, Dashiell Hammet, Horace McCoy, e a partir de aí, xa non tan asiduamente, Montalbán,

Rubem Fonseca, Simenon. Recuperei, en certo modo, algo que xa lera de neno. Se eu agora me meto a escribir unha novela de ciencia ficción, admito que se desconfie, pero o xénero policial... En *Miss Ourense* (1994) utiliceino para retratar o Ourense dos sesenta, unha cidade provinciana baixo o franquismo. O policial ten esa vantaxe: permite falar de moitas cousas, é unha especie de realismo crítico. Retrata a corrupción política, os problemas económicos, a vida social, o deporte. É unha estratexia coma outra calquera, e en *Pan e coitelo* tiña que resolver o atentado que sofre Carrodegas...

## Atentado que se pode verificar nas hemerotecas, non si?

Si, claro. Houbo un intento de asasinar ao conselleiro Xosé Cuiña, en paz estea, pero o sica-rio, que era colombiano, creo, vendeu a exclusiva a unha revista e gañou máis que matando. Contratárao un empresario da parte oriental da provincia que aínda ten algún edificio importante en Ourense. Afortunadamente non pasou, pero eu o que fago é preguntarme que tería pasado de executarse. E para resolvelo boto man dun detective, pero non un detective como Gumersindo Nespereira, que era un funcionario policial, na tradición francesa, nin como o de Montalbán, que é literario. Este é unha caricatura, verosímil pero caricatura. Un señor que se fai detective a través dun cursiño en San Sebastián e que goza coas verbenas populares e co karaoke. De feito, é moi parecido a Carrodegas. Son dous personaxes que nacen no mesmo mundo, cunha infancia moi pobre, pero que escollen dúas vías diferentes: un opta por ser un Julien Sorel, un trepador, por chegar á cúspide e botarlle un pulso aos poderosos, que é Carrodegas, e o outro, por ser máis cándido, máis inxenuo, por non ter esa dimensión cínica, é un fracasado. Aínda así ten a súa grandeza. É un señor con coraxe. Contra todo o previsíbel, ten valores morais. Se a novela é unha novela moi moral é por el, por Nóvoa, o detective, e non por Carrodegas.

## Armando Requeixo quíxase de que os conselleiros non falen no rexistro que lles é propio.

Requeixo queixouse tamén en *Amor e música lixeira* por un relato que se chama “Lenin”, que estaba contado como se fose unha transcripción fonográfica. Un señor ía cun magnetófono e recollía declaracións de catro labradores sobre un episodio da Guerra Civil. Requeixo di-

## Dolcezza rabuda Narrativa Retrato incrédulo da Galicia do imperio fraguista

Bieito Iglesias ten conseguido ao longo dos anos algo que todo escritor debería perseguir: unha voz propia e inconfundible, que ten na vizosidade verbal e no dominio do humorístico os seus principais esteos definitorios. Certo que os relatos e novelas do ourensán amosan decote valiosas mostras a moi diverso nivel, mais, a meu ver, ben poucos coma el na arte do floreo estilístico, do repregamento da lingua que amalgama o dialectalismo depurado co neoloxismo extremo nunha sorte de *koiné vintage* que resulta do máis estimulante. E outro tanto cómpre afirmar do seus estiletos retranqueiros, ollada aceda e descrida, poética golfa e goliardesca inzada de seres que teñen no fluído humorístico unha relixión do perpetuo ludibrio.

De todo o anterior sabíamos, entre outras, por *Amor e música lixeira* (Galaxia, 2004), *A historia escríbese de noite* (Galaxia, 2001) e, sobre todo, *A vida apoteósica* (Xerais, 2001) probablemente a súa mellor obra. E da mesma ánima imba a papo cheo *Pan e coitelo*, a máis recente *nouvelle de*

Iglesias, desafiante híbrido dacabalo do relato policial e un tremendismo de novo selo que bebe tanto do agromafioso coma do truculento cinematográfico.

Un conselleiro corrupto, amañador de componendas inmobiliarias, un presidente boubón e condescendente que se agocha baixo a máscara secaña de filateiro asoballador, un empresario *self-made man*, saudoso dunha infancia humildísima de neno traste e mais un detective azaroso e de entrega gasta que ten máis de lazarillo avisado que de Marlowe perspicaz son algúns dos personaxes principais deste retrato incrédulo dunha Galicia nos lindeiros do imperio fraguista.

Na escrita de Iglesias nos antípodas da épica honorable espellean na supervivencia dos tipos duros, de xenio vivo, rabudos que non dubidan en perverter toda canta ética poida imaxinarse en favor da vida regalada e do proveito propio. Secasí, tamén alcanzan a se ver faíscas de xorne amable, *dolcezzi* de prestado que fican sepultadas no lembradoiro dos tempos idos ou nas debilidades dos amores furtados da adolescencia.

Non estou convencido de que a inserción das historias do mago Mandrake creadas nos 30 por Lee Falk –aquí na versión italiana de Albi del Vascello e compañía– acaben de empastar axeitadamente coa narración textualizada, pois non abundan para iso as coincidencias onomásticas e outros melindres de requitropa. Máis parece que este *Pan e coitelo* escore cara ao Paulo Mandrake de Rubem Fonseca –tan querido de Iglesias,

por certo– que do lado deste ilusionista de poderes hipnóticos con amigo musculado e compañeira psicalíptica. E tampouco creo que sexa un acerto facer que conselleiros, presidentes e demais se expresen co lostregueo de seareiro pescantín que tan ben sabe arremedar o autor, porque, postos a crer parlamentos dun conselleiro do estilo “¿Gasta arma? Dígollo porque o home que lle mando espíar é malo de rexer, un auténtico bicho careto” ou “Tes a chapela derramada ¡Tola do nabo!” un pode descrer de que toda esta deliciosa argallada do mundo Galleira que tan ben compón Iglesias se sosteña defrontándoa ás máis básicas regras do realismo inmanente.

E, secasí, *Pan e coitelo* funciona, mesmo sobrando notas liminares do autor de *excusatio non petita*. Talvez porque o xenio de Bieito Iglesias é quen de facer posible o imposible e crear a ilusión de que as Oria e Vilasanta de *spaghetti western* polas que pervagan os seus solitarios e indomables son tan reais como a vida mesma. // **Armando Requeixo**

Pan e coitelo ·  
Bieito Iglesias · Galaxia, 2008 ·  
148 páx · 13,50 euros



cía que eses labradores non existían porque os labradores non son tan listos, pero eu dou fe de que iso oínllo eu a xente real. O que hai é un prexuízo sobre os labradores. A xente pensa que son máis parvos do que son. Hai labradores e labradores igual que hai urbanitas e urbanitas. Creo que se atribúen uns rexistros demasiado clausurados a cada elemento social, e cos conselleiros acontece o mesmo. É verdade que estes non falan como os conselleiros que hai agora na Xunta. Falan como falaría un conselleiro se eu fose conselleiro. Iso por un lado. Logo hai un elemento de parodia. A reunión que reproduce é satírica, caricaturesca. O que din os conselleiros reais seguro que é moito menos interesante, e o que diría Fraga seguramente sería unha mamonada porque Fraga era un mamón. O meu presidente di que este país podería vivir das aniñadas, e iso é algo que din os paisanos: que este país podería vivir só cos ovos dos paxaros, que é un país rico, unha idea moi lóxica para un señor de Vilalba, pero non é literal. A única frase auténtica de Fraga é ese “non me faga debuxos” que lle di a Carrodegua. Contoume un amigo que traballou para el. Pareceume enxeñoso.

#### Es consciente de que o teu galego, que é un galego coloquial, existe lectores con diccionario?

Ese si que é un problema filolóxico, e teño dúas opcións: unha, escribir nunha lingua menos coloreada, con menos fraseoloxía, con menos vocabulario rural ou de barrio; outra, facer o que fago. Calquera das dúas ten os seus problemas. Se prescindo de todo ese rexistro, teño a sensación de estar tocando cun instrumento de poucas notas, e se eu sei tocar o piano, por que teño que tocar a gaita? E ao revés, se poño o que poño, din que o que falan os meus personaxes non é verosímil. Iso tamén me resulta molesto. Preferiría que non me chamase ninguén para dicirme que tivo que coller o dicionario para lerme. Eu non fago un inventario de léxico. Que podo facer? En terceira persoa son máis neutro, pero os diálogos... Resultame case imposible escribir diálogos nun galego que non sexa o que eu oín. Hai unha proba moi clara. *Bajo las más bellas estrellas*, a novela que fixen en *castellano*, é o libro con menos diálogos de todos os que escribín. Por que? Porque o dominio que teño do *castellano* non me dá. Habían ser diálogos libresco. Tiven que reducilos ao mínimo ou facer traducións directas do galego. Pero iso pásanos a todos. Pásalle a Cunqueiro, a Pardo Bazán, a Valle Inclán. Pasáballes aos escritores do Imperio Austrohúngaro cando escribían en alemán. Pasoulle a Blanco Amor cando escribiu *La catedral y el niño* ou *Los miedos*.

**“Sucedede que rabea por fuxir do país –destas terras proclives ao ananismo, de vacas piscas nas que todo é corna e homiños cativos como xaponeses ata hai catro días, criados no raquitismo do refraneiro: ano de belota, ano de larota–, de todo engarro filial”. O conselleiro Carrodegua, nesta pasaxe, “sorpréndese no pecado de desexar que a vella morra canto antes”. Algo que engadir?**

Supoño que a todos, nalgún momento, nos gustou cambiar de póla, e no caso de Galicia máis porque é designio colectivo. Somos un país viaxante. Tamén eu pensei o mesmo que Carrodegua algunha vez. Non digo para sempre, pero igual cambiar unha temporada de lugar e velo dende outro sitio... Sempre hai algo disto, sobre todo nos sectores que non estiveron no macho, que non tiveron a vara e a besta. Cando estiveches sempre na oposición e perdistes todas as eleccións e aínda as perdes. Chega un momento que dis: e non estaría ben aplicar aquilo de lonxe dos ollos, lonxe do



corazón, e ir a outro lugar onde non vexas estes problemas? Cambiar de país e de conversación. Ao mellor chegas alí e non te afás, non te acubanas, que dicimos en Ourense.

#### Incómodo na túa condición de escritor nunha lingua periférica?

É imposible non sentirse incómodo. Nas librarías normalmente non estás. Vén de fóra un escritor de cuarta fila e sae no principal periódico do país, mentres aquí tes que escribir doce novelas para que che fagan unha entrevista. Iso desgasta, pero eu xa sufrín máis do que sufro. Vas relativizando as cousas. Xa o dicía Chesterton: a historia universal é unha novela. Na primeira páxina unha cidade conquista as cidades veciñas e fai unha rexión. Na seguinte conquista as nacións veciñas e fai un imperio. Cambias de capítulo e ese imperio convértese nunha poeira de nacións e desfáise e volve empezar. Pois o problema é se che toca vivir no primeiro capítulo. Se caes no segundo, como os lituanos, estarás contentísimo. A vida é así. Hai que xogar as cartas que tes, as que che dan. Se son boas, xoga calquera. O caso é xogar cando as tes regulares.

#### Nun artigo sobre a crítica literaria invocabas a Pascale Casanova para definir as estra- texias posíbeis para un escritor nunha lingua periférica. As cartas coas que se pode xogar. Cales son as túas?

Pascale Casanova explica perfectamente como pasamos da república mundial das letras, con capital en París, á situación actual, na que hai nove autarquías ou nove satrapías. A nosa, á

que pertence toda Hispanoamérica, incluíndo Brasil e Portugal, ten a capital Madrid-Barcelona. Os escritores, se queren triunfar universalmente, teñen que pasar polas editoras madrileñas ou catalás, e iso é un problema. Xa o era cando a capital era París. Strindberg tivo que ir aló, escribir a súa primeira obra en francés, triunfar e, logo si, escribir na súa lingua orixinal. Cioran veu de Romanía, escribiu no francés de Racine, no francés clásico, e foille ben. Pero houbo escritores suízos que por escribir no francés dialectal de Xenebra non foron ben recibidos. En cambio Michaux, que era un belga renegado, este si, como escribía en francés-francés, tivo moita aceptación. E logo está o caso milagroso de Ibsen, un señor que escribía nunha lingua que ao tempo falaban 300.000 persoas, agonizante, que era o noruegués, e non obstante chegou a París e tivo un exitazo enorme. É un escritor universal a partir dunha lingua pequena dun pequeno país. Ese sería o modelo ideal para nós.

#### E os outros?

Casanova fala de tres posibilidades. A primeira é escribir en gótico internacional, facer unha literatura de referencias universais onde saian os nazis e cousas que todo o mundo sabe, como eses amigos meus de Sevilla que non escriben sobre Sevilla, que é unha cidade dun millón de habitantes, porque din que é provinciano, así que escriben sobre Trieste ou sobre Berlín. A segunda é ser un escritor nacional, escribir no repertorio local, o que haxa: etnográfico, popular, político. O Blasco Ibáñez de *Cañas y barro*, para entendernos. En Galicia tamén hai ca-

sos pero non quero dar nomes. E despois, en terceiro lugar, estaría o escritor universal, o Ibsen. O problema é que para ser un escritor universal tes que fuxir do repertorio nacional estrito, e pode ocorrer que teñas éxito, como lle aconteceu a Ibsen, ou que te traten mal polos dous lados. É o que hai. Pero como non depende de nós, creo que cada un ten que escribir o seu. Ao final a xente le 3.000 libros na vida, e na Mongolia interior ao mellor non nos len nunca porque non van saber de que existimos. Eu escribo como se fose apátrida, como aqueles xadrecistas rusos que lles daban un salvoconduto en Nacións Unidas. Disidentes. A min non mo dan porque non son xadrecista ruso, e ademais escribo sobre Ourense e sobre Santiago, así que son un escritor rexional. Con todo, procuro ser rexional ao estilo dos americanos. Eles son todos rexionalistas. Todos. Paul Auster escribe sobre Nova York. Saul Bellow sobre Chicago. John Updike sobre Nova Inglaterra. Philip Roth sobre New Jersey. A tomar por saco: considéranse universais. Teñen un exército que universaliza a súa literatura e non teñen por que preocuparse da política da literatura. Gañan dúas guerras mundiais e xa está, xa poden escribir sobre Lexington Avenue. Eu non podo invadir Iraq para universalizar a literatura galega, pois teño que escribir o que poida e esperar que a algúns lectores lles guste.

#### Ensaiaches outra opción, que foi escribir en castelán *Bajo las más bellas estrellas* (Algaida, 1999), Premio Ciudad de Salamanca, pero non foi moi ben recibida.

Xa sabía que non ía ser ben recibida. Paréceme normal. O que pasa é que houbo dúas maneiras de facelo: houbo quen a recibiu mal e punto e houbo quen ultrapasou ese nivel. Houbo un crítico que fixo algunhas comparacións raras. Primeiro, poñéndome a carón de Manuel Rivas e Suso de Toro e dicindo que eles si que eran modelos, señores patriotas que escribían de verdade en galego, pero claro, uns tipos que levaban escritos 4.000 artigos en *castellano* non me parecían a min moito modelo, francamente. E logo o que xa me amolou definitivamente foi o de que se non se le a Jünger porque era nazi nin a Céline porque era fascista, pois menos me había que ler a min. En fin. Foi ao único que contestei, e mal, por certo. O home encaixouno e agora cando nos vemos fá-lame coma se non pasase nada, o que me parece ben. Foi un cruce de espadas e xa está.

#### Por que escribiches esa novela en castelán?

A min sempre se me di que escribo un galego bonito, precioso! Parece que o único que sei facer é manexar un código, e iso é un pouco azaroso, depende de que con quen te criaches e todo iso. Tampouco ten moito mérito, vaia. E logo, en segundo lugar, quería probarme a min mesmo: saber se eu publicaba porque este é un sitio pequeno e publican calquera cousa ou se podía facer carreira literaria en calquera outro sitio. Enviei a novela a un xurado de Salamanca e os tíos efectivamente confirmaron que eu podería ter escrito en castelán. Unha vez comprobado iso, non fago carreira literaria en español porque non me dá a gana. Podería, se quixese, pero quedo tranquilo sabendo que non me fan un favor os editores de aquí porque son amigos deles ou veciño. Non me encomendei nin a deus nin ao demo. O que non fago é perder o cu por publicar en *castellano* nin fago dobres versións como no *spaghetti* de Almería, e non ando facendo iso porque é moi fatigoso. Hai que facerlle a pelota a cincuenta tíos, convidar a comer á casa a uns que son uns petardos... Teño visto o camiño de rosas espiñentas que ten pasado algún para poder traducir unha obriña e, francamente, non me apetece moito.